

## CORRECCIÓN ERRO PRAZA PEI0096

Advertido erro na Resolución Reitoral do 7 de decembro de 2022 pola que se convocan probas selectivas para cubrir, polo sistema de acceso libre, as prazas de persoal empregado investigador no marco da estabilización extraordinaria de emprego temporal que figuran no anexo II á convocatoria, faise pública a corrección que a seguir se indica:

Na praza de **referencia 2022-PEI0096**, categoría técnico/a superior de investigación (I.2) da liña de investigación “Infraestruturas de investigación” do programa institucional de xestión, transferencia, emprendemento, internacionalización e consolidación das capacidades científicas e innovadoras da USC, onde di:

<b>Funcións:</b>	Aliñamento e debuxo das imaxes do Micro-CT de cada estrutura co Avizo 6.3. Procesamento das imaxes do Micro-CT co programa Avizo 6.3. Procesamento das imaxes post-reconstrución, no ámbito da infraestruturas de investigación, do programa agrupado programa institucional de xestión, transferencia, emprendemento, internacionalización e consolidación das capacidades científicas e innovadoras da USC
------------------	--

### debe dicir:

<b>Funcións:</b>	Separación, determinación taxonómica, estudo e reconstrución anatómica da fauna mariña. Deseño e execución de mostraxes de campo a pé, a frote e mediante mergullo autónomo. Deseño e elaboración de informes técnicos. Asesoramento na unidade segundo as ISO 9001/2015 e 14001/2015. Asesoramento na aplicación das técnicas utilizadas na unidade, seguindo as normas oficiais de ensaio e análise, de xestión ambiental segundo UNE-EN ISO 14001:2015 e UNE-EN ISO /IEC 17025:2017, no ámbito da infraestruturas de investigación, do programa agrupado programa institucional de xestión, transferencia, emprendemento, internacionalización e consolidación das capacidades científicas e innovadoras da USC
------------------	--

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

Antonio López Díaz  
Reitor

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
22/12/2022 10:57:09.

**CSV:** 8026-42EF-4F51-89D5